



bergen  
2005



## **O Espazo Europeo de Educación Superior. A consecución dos obxectivos**

Comunicado da reunión de ministros/as europeos/as responsables da educación superior, que tivo lugar en Berxen o 19 e o 20 de maio de 2005

Nós, os/as ministros/as responsables da educación superior dos países que forman parte do proceso de Boloña, reunímonos cando xa transcorreu a metade deste proceso para realizar unha avaliación e para establecer os obxectivos e as prioridades para o ano 2010. Nesta reunión démoslles a benvida aos novos países que se incorporan ao proceso de Boloña: Acerbaixán, Armenia, Moldavia, Ucraína e Xeorxia. Todos compartimos unha visión común dos principios, dos obxectivos e dos compromisos do proceso, tal e como está expresado na Declaración de Boloña e nos comunicados posteriores das reunións ministeriais de Praga e de Berlín. Confirmamos o compromiso de coordinar as nosas políticas a prol do proceso de Boloña para establecer o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) en 2010 e comprometémonos a axudar os novos países a cumpriren os obxectivos do proceso.

### **I. Integrantes**

Salientamos o papel esencial que desempeñan as institucións de ensino superior, o seu persoal e o seu estudiantado como membros do proceso de Boloña. A súa función na aplicación do proceso é máis importante agora que a maior parte das reformas lexislativas necesarias entra en vigor, un motivo polo que os animamos a continuaren e a intensificaren os seus esforzos para consolidar o EEES. Valoramos o claro compromiso das institucións de educación superior de toda Europa co proceso e recoñecemos que optimizar o impacto dos cambios estruturais nos currículos e, deste xeito, asegurar a introdución dos procesos innovadores de ensino-aprendizaxe que Europa precisa require tempo.

Valoramos o apoio das organizacións empresariais e dos axentes sociais, e desexamos unha cooperación máis intensa para acadar os obxectivos do proceso de

Boloña. Ademais, agradecemos as contribucións das organizacións e das institucións internacionais que forman parte do proceso.

## **II. Balance**

Temos en consideración o importante progreso que se realizou cara á consecución dos obxectivos, tal e como figura no *Informe xeral 2003-2005* que elaborou a Comisión de Seguimento, no informe da Asociación Europea de Universidades (EUA) *Trends IV (Tendencias IV)* e no informe *Bologna with Students Eyes (Boloña con ollos de estudante)* dos Sindicatos Nacionais de Estudantes de Europa (ESIB).

Na nosa xuntanza en Berlín solicitámoslle á Comisión de Seguimento un balance na metade do período que se centrara en tres prioridades: o sistema de títulos, a garantía de calidade e o recoñecemento dos títulos e dos períodos de estudo. Do balance sinalamos o progreso substancial que se realizou nestes tres campos prioritarios. Sería importante asegurarmos que o progreso fose uniforme en todos os países participantes; por iso, detectamos a necesidade de compartir máis coñecementos co fin de desenvolver capacidades, tanto no ámbito institucional como no gobernamental.

### **O sistema de títulos**

Observamos con satisfacción que o sistema de titulacións de dous ciclos se está a poñer en marcha a grande escala na maior parte dos países, con máis da metade do estudantado matriculado nel. Non obstante, aínda existen algúns obstáculos para o acceso dun ciclo a outro. Ademais, existe a necesidade dun diálogo maior, que inclúa os gobernos, as institucións e os axentes sociais, para aumentar a empregabilidade dos/das licenciados/as, de xeito que se inclúan en postos de traballo axeitados na Administración pública.

Adoptamos o marco xeral para as titulacións no EEES que comprende tres ciclos (que inclúe, en ámbitos nacionais, a posibilidade de títulos intermedios), descritores xenéricos para cada un deles que se basean nos resultados e nas capacidades de aprendizaxe, e a variedade de créditos no primeiro e no segundo ciclo. Comprometémonos a elaborar uns marcos nacionais para as titulacións compatibles co marco xeral das titulacións do EEES en 2010, e a comezar a traballar nisto en 2007. Pedímoslle á Comisión de Seguimento un informe sobre a aplicación e o futuro desenvolvemento do marco xeral.

Destacamos a importancia de asegurar a complementariedade entre o marco xeral do EEES e o marco máis extenso que se propón para as titulacións, para unha aprendizaxe ao longo da vida que abrangue o ensino xeral, así como a educación vocacional e a capacitación, tal e como agora está a desenvolverse na Unión Europea e nos países participantes. Pedímoslle á Comisión Europea que teña en conta todas as partes no proceso de Boloña a medida que o traballo vaia avanzando.

### **A garantía de calidade**

Case todos os países fixeron previsións para conseguir un sistema de garantía de calidade que se basea nos criterios que fixa a Declaración de Berlín e cun alto grao de cooperación e contactos. Con todo, aínda queda moito por facer, sobre todo no relativo á implicación do estudantado e á cooperación internacional. Ademais, animamos as institucións de ensino superior a continuaren cos seus esforzos para mellorar a calidade

das súas actividades mediante a introdución sistemática de mecanismos internos e a súa correlación directa para a garantía de calidade externa.

Adoptamos os estándares e as directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior que propón a Rede Europea para a Garantía de Calidade en Educación Superior (ENQA). Comprometémonos a introducir o modelo que propoñen para a avaliación as axencias de calidade desde unha perspectiva nacional, ao tempo que respectamos as directrices e os criterios comunmente aceptados. Valoramos o principio dun rexistro europeo de axencias de calidade que se basea nunha análise nacional. Solicitamos que a ENQA desenvolva os detalles prácticos da aplicación en cooperación coa Asociación Europea de Universidades (EUA), a EURASHE (Asociación Europea de Institucións de Educación Superior) e os ESIB (Sindicatos Nacionais de Estudantes de Europa) e que nos remita un informe a través da Comisión de Seguimento. Subliñamos a importancia da cooperación entre as axencias nacionalmente recoñecidas co fin de que se respecten mutuamente as decisións de acreditación ou de garantía de calidade.

### **O recoñecemento dos títulos e dos períodos de estudo**

Queremos sinalar que 36 dos 45 países que participaron xa ratificaron a Convención de Lisboa. Instamos a aqueles que aínda non o fixeron a ratificar a convención sen demora. Comprometémonos a asegurar a plena aplicación dos seus principios e a incorporalos na lexislación nacional como corresponder. Facemos un chamamento a todos os países participantes para abordar os problemas de recoñecemento que identificaron as redes ENIC/NARIC. Imos elaborar planos de acción nacional para mellorar a calidade do proceso no relativo ao recoñecemento dos títulos estranxeiros. Estes planos formarán parte do informe nacional de cada país para a vindeira reunión ministerial. Expresamos o apoio aos textos complementarios da Convención de Lisboa e facemos un chamamento a todas as autoridades nacionais e a outros interesados para que recoñezan os títulos conxuntos concedidos en dous ou máis países do EEES.

Xulgamos que o desenvolvemento de marcos nacionais e europeos para as titulacións son unha oportunidade para establecer a aprendizaxe ao longo da vida no ensino superior. Traballaremos con institucións de ensino superior e con outras para mellorar o recoñecemento da aprendizaxe previa, e incluiremos, onde for posible, as aprendizaxes non formal e informal, para acceder aos programas de educación superior e como elementos integrantes deste tipo de programas.

### **III. Próximos retos e prioridades**

#### **A educación superior e a investigación**

Subliñamos a importancia da educación superior no aumento da investigación e o valor desta na consolidación da educación superior para conseguir o desenvolvemento económico e cultural das nosas sociedades, así como a cohesión social. Advertimos que os esforzos para introducir cambios estruturais e mellorar a calidade do ensino non deberían restarlle valor ao esforzo de fortalecer a investigación e a innovación. Por tanto, destacamos a importancia da investigación e da formación investigadora no mantemento e na mellora da calidade da competitividade e do carácter atractivo do EEES, así como no seu realce. Con intención de acadar mellores resultados, recoñecemos a necesidade de incrementar a sinerxía entre a educación superior e outros sectores investigadores a través dos nosos respectivos países e entre o EEES e o Espazo Europeo de Investigación.

Para acadarmos estes obxectivos é preciso que os estudos de doutoramento estean completamente aliñados co marco xeral do EEES das titulacións que empregan un enfoque que se basea nos resultados. O compoñente esencial da formación doutoral é o avance no coñecemento mediante a investigación orixinal. Se temos en conta a necesidade de programas de doutoramento estruturados e de orientación e avaliación transparentes, consideramos que o traballo habitual do terceiro ciclo se corresponde, en moitos países, con tres ou catro anos de dedicación completa. Instamos as universidades a aseguraren que os seus programas de doutoramento promovan a formación interdisciplinar e o desenvolvemento de habilidades transferibles, para satisfacer, así, as necesidades dun mercado laboral cada vez máis amplo. Precisamos conseguir un aumento global do número de estudantes de doutoramento que emprenda a carreira investigadora no seo do EEES. Consideramos que as persoas que participan nos programas de terceiro ciclo son, á vez, estudantes e investigadores/as na súa etapa inicial. Confiámoslle á Comisión de Seguimento de Boloña o convite da Asociación Europea de Universidades, xunto con outras institucións interesadas, para preparar un informe baixo a responsabilidade da Comisión de Seguimento sobre o desenvolvemento dos principios básicos dos programas de doutoramento, que deberá presentarse aos/ás ministros/as en 2007. Debe evitarse o exceso de regulación dos programas de doutoramento.

### **A dimensión social**

A dimensión social do proceso de Boloña é unha parte constituínte do EEES e unha condición necesaria para o carácter atractivo e a competitividade deste. Por tanto, renovamos o noso compromiso de facer o ensino superior de calidade accesible a todas as persoas e insistimos na necesidade de que o estudantado conte cunhas condicións axeitadas, de maneira que poida completar os seus estudos sen obstáculos relacionados coa súa situación socioeconómica. A dimensión social inclúe medidas que adoptan os gobernos para axudar os/as estudantes, sobre todo a aqueles/as que proceden de grupos socialmente desfavorecidos, nos aspectos financeiro e económico, e proporcionarlles servizos de orientación e asesoramento co fin de facilitar o seu acceso ao ensino superior.

### **A mobilidade**

Recoñecemos que a mobilidade do estudantado e do profesorado entre todos os países participantes segue a ser un dos obxectivos básicos do proceso de Boloña. Conscientes dos moitos desafíos que están pendentes de superar, reafirmamos o noso compromiso de facilitar a mobilidade de bolsas e empréstitos, onde for axeitado e mediante a acción conxunta, con vistas a conseguir que a mobilidade dentro do EEES sexa unha realidade. Debemos intensificar os nosos esforzos para eliminar os obstáculos, favorecer a entrega de visados e de permisos de traballo e animar á participación nos programas de mobilidade. Instamos as institucións e o estudantado a participaren nestes e avogamos polo pleno recoñecemento dos períodos de estudo que se cursaren no estranxeiro ao abeiro destes programas.

### **O atractivo do EEES e a cooperación con terceiros**

O Espazo Europeo de Educación Superior debe ter un carácter aberto e atractivo para terceiros. A nosa contribución para conseguir unha educación para todos debe estar baseada no principio do desenvolvemento sustentable e estar de acordo co traballo

internacional en curso para o desenvolvemento de directrices para a calidade da educación superior internacional. Reiteramos que os valores académicos deben prevalecer na cooperación académica internacional.

Consideramos o Espazo Europeo de Educación Superior como un elemento de cooperación dos sistemas de educación superior noutros países do mundo e estimulamos o intercambio equilibrado de estudantes e docentes, así como a cooperación entre as institucións de ensino superior. Salientamos a importancia da comprensión e do respecto interculturais. Esperamos aumentar o coñecemento do proceso de Boloña noutros continentes ao compartir as nosas experiencias dos procesos de reforma cos países veciños. Insistimos na necesidade de diálogo nos asuntos de interese mutuo. Vemos a necesidade de identificar rexións cooperadoras e de intensificar o intercambio de ideas e experiencias con elas. Solicitámoslle á Comisión de Seguimento que elabore e chegue a un acordo sobre unha estratexia para a dimensión externa.

#### **IV. Facendo balance do progreso para 2007**

Encargámoslle á Comisión de Seguimento que continúe e amplíe o proceso de balance e informe a tempo para a vindeira reunión de ministros/as. Agardamos que este balance estea baseado nunha metodoloxía axeitada e que siga polo camiño do sistema de títulos, a garantía de calidade e o recoñecemento dos títulos e dos períodos de estudo, e que en 2007 completemos en gran parte a aplicación destas tres prioridades intermedias.

En concreto, debemos procurar progresos nos seguintes aspectos:

- a posta en práctica dos estándares e das directrices para a garantía de calidade, tal e como se propuxo no informe da ENQA;
- a posta en práctica dos marcos nacionais para as titulacións;
- a concesión e o recoñecemento de títulos conxuntos, incluídos os de doutoramento;
- a creación de oportunidades para unha aprendizaxe flexible no ensino superior, en que se inclúan os procedementos para o recoñecemento da aprendizaxe previa.

Así mesmo, confiámoslle á Comisión de Seguimento a presentación de datos comparables sobre a mobilidade do profesorado e do estudantado, así como sobre a situación socioeconómica dos/as estudantes dos países participantes, como base para un futuro balance. Este deberá ter en conta a dimensión social, tal e como foi definida con anterioridade.

#### **V. Preparación para 2010**

Tras engadirmos os logros que se acadaron no proceso de Boloña, desexamos establecer un Espazo Europeo de Educación Superior que se basee nos principios de calidade e de transparencia. Debemos apreciar a contribución do noso rico patrimonio e da diversidade cultural a unha sociedade baseada no coñecemento. Comprometémonos a defender o principio da responsabilidade pública para a educación superior no contexto das complexas sociedades modernas. Na medida en que a educación superior se atopa na encrucillada da investigación, da educación e da innovación, tamén constitúe a chave para a competitividade de Europa. A medida que nos aproximamos ao ano 2010, comprometémonos a asegurar que as institucións de educación superior gocen da

autonomía necesaria para poñeren en práctica as reformas que se acordaron. Así mesmo, admitimos a necesidade do financiamento sustentable das institucións.

O Espazo Europeo de Educación Superior estrutúrase en tres ciclos, onde cada nivel ten a función de preparar o/a estudante para o mercado laboral, para o desenvolvemento das súas capacidades e para unha cidadanía activa. O marco xeral das titulacións, o conxunto de estándares e de directrices europeas que se acordaron para a garantía de calidade e o recoñecemento de títulos e períodos de estudo son tamén características básicas da estrutura do EEES.

Apoiamos a estrutura de seguimento que se estableceu en Berlín, coa inclusión da Asociación Europea de Educación Internacional, a Rede Europea para a Garantía de Calidade en Educación Superior (ENQA) e a Unión de Confederacións da Industria e dos Empresarios de Europa (UNICE) como novos membros consultivos da Comisión de Seguimento.

Posto que o proceso de Boloña conduce ao establecemento do EEES, temos que considerar os acordos adecuados necesarios para apoiar o desenvolvemento continuado máis alá de 2010. Por tanto, pedímoslle á Comisión de Seguimento que investigue estes asuntos.

A vindeira reunión de ministros/as celebrarase en Londres en 2007.

---

No proceso de Boloña participan 45 países que son membros da Comisión de Seguimento: Acerbaixán, Albania, Alemaña, Andorra, Armenia, Austria, Bélxica (comunidades flamenga e francesa), Bosnia-Hercegovina, Bulgaria, Chipre, Croacia, Dinamarca, Eslovaquia Eslovenia, España, Estonia, Ex-República Iugoslava de Macedonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Islandia, Italia, Letonia, Liechtenstein, Lituania, Luxemburgo, Malta, Moldavia, Noruega, Países Baixos, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía, Rusia, Santa Sé, Serbia e Montenegro, Suecia, Suíza, Turquía, Ucraína e Xeorxia. Ademais, a Comisión Europea é membro con dereito a voto.

O Consello de Europa, os Sindicatos Nacionais de Estudantes de Europa (ESIB), a Asociación Europea de Educación Internacional, a Rede Europea para a Garantía de Calidade en Educación Superior (ENQA), a Asociación Europea de Universidades (EUA), a Asociación Europea de Institucións de Educación Superior (EURASHE), o Centro

Europeo para o Ensino Superior (UNESCO-CEPES) e a Unión de Confederacións da Industria e dos Empresarios de Europa (UNICE) son órganos consultivos da Comisión de Seguimento.